



VII SEMANA DAS CIENCIAS



MARTES 18 | ABRIL 19:30 h

Conferencia "Arte e Ciencia, dúas caras dunha mesma moeda" **Mingos Teixeira**

Sala Multiúsos do Auditorio Municipal

Máis info:
semanaciencias.ponteareas.gal

P^oNTEAREAS
CONCELLO

MINGOS TEIXEIRA

CV

A súa formación artística comeza na Escola de Artes e Oficios de Vigo, en cursos de debuxo e pintura, aínda que el se considera autodidacta. A súa carreira artística estréase na colectiva Premio Francisco de Goya de Madrid, en 1980, e a súa primeira exposición individual en Vilagarcía. Despois virán numerosas mostras individuais e colectivas nas principais cidades galegas e españolas, así como en Stuttgart, Ravenna, Nova York, México, Porto ou Lisboa. Foi galardoado co primeiro premio Allianza Française, primeiro premio internacional Baixo Miño, segundo premio Fundación Villabril, entre outros, e a súa obra está representada en coleccións de museos como os de Belas Artes da Coruña e Santander, Museo Provincial de Pontevedra, Museo Quiñones de León de Vigo, Museo Municipal de Ourense ou Museo Provincial de Lugo. Compaxinou o seu traballo artístico cun intenso labor académico e divulgador en relación coa arte e a creatividade, en artigos en diferentes publicacións, explorando a crítica artística e o comisariado de exposicións.

Dentro da súa faceta artística, cultivou a fotografía, o cartelismo, a ilustración, o deseño e de maneira especial a pintura. Posuidor dun xenuíno carácter, centrou a súa investigación pictórica na cor e a composición desde unha postura existencialista e cun afán innovador en canto á expresividade. Para iso emprega unha linguaxe con certas doses de lirismo e chea de suxestións e insinuacións, que lembra o expresionismo abstracto, en concreto o informalismo español do grupo El Paso, de maneira especial cando traballa composicións de fondos incertos nos que aparecen formas, manchas, e diferentes trazos —de cromatismo unhas veces exultante e outras máis intimista—, con texturas e densidades contrastadas na materia.

Nas sete obras pictóricas que figuran na Colección Afundación recoñécense as súas recorrentes referencias cósmicas e telúricas, así como humanas, nunhas composicións nas que abundan os xogos texturais, xestuais e cromáticos. En 'Mujer gallega desnuda' (1988), a máis temperá, é na única onde o elemento referencial é evidente aínda que no tratamento do fondo xa se adiviña a poética propia do artista, mentres que en 'El adiós' (1989), 'En Flandes se ha puesto el sol' (1990), 'Dios solo puede ser nombrado a través de las cosas más deformes' (1992) e 'Meditaciones poéticas' (1994) nos traslada a través do xesto a mundos descoñecidos de fantasías, e referencias a volcáns ou distintas formas do planeta Terra. En 'Retorno á terra' (1999) comprime de maneira significativa e ilusoria o espazo pictórico e establece un xogo entre elementos contrapostos: xeometría-xesto, tonalidades frías-tonalidades cálidas, pincelada sosegada-pincelada xestual... para recrear a sensación de profundidade e, deste modo, introducirnos no cadro. Na súa obra máis tardía, 'Encantamiento mágico' (2005), divide a superficie pictórica en dúas composicións nas que xesto, materia, pincelada e cor establecen unha especie de xogo de opostos de maneira que crean unha composición de grande elegancia e equilibrio.

